

Bo día:

Permitídemme que me presente. Chámome Elena Lado Filgueiras; son alumna de segundo de Bacharelato e é para min unha honra representar aos meus compañeiros/as nunha ocasión tan importante como esta.

Hoxe, 27 de setembro, o alumnado do Eusebio da Guarda únese ás mobilizacións masivas que están a ter lugar a nivel mundial por unha emerxencia climática.

Nestas manifestacións, de carácter principalmente estudantil, pedimos verdade, compromiso e acción para abordar unha transición ecolóxica o máis pronto posible.

Parece que as cadeiras se soben ás mesas cando somos os nenos e a xuventude, os que nos saltamos leccións para darllas aos adultos, coa esperanza de facelos entrar en razón.

Desafortunadamente estamos a quedar sen tempo. É hora de que todos recoñezamos a nosa responsabilidade e acheguemos o noso gran de area para solucionar a crise climática que estamos a padecer na actualidade.

Por este motivo, o alumnado de segundo de Bacharelato de Ciencias da Terra e o Medio, organizamos co noso profesor, Manuel Varela, unha concentración simbólica de 4 minutos e 15 segundos, en representación do gran sinal de alarma que supuxo alcanzar o pasado mes de abril unha concentración de partículas de dióxido de carbono na atmosfera de 415 partes por millón, nivel que non se rexistraba desde hai 3 millóns de anos.

Os humanos presumimos de ser a mellor especie da Terra, pero esquecesenos que: ningunha especie intelixente destruíría o seu único fogar!

E aínda que a sociedade tende ao fatalismo, asumindo como inevitable o empeoramento das condicións ambientais, esta é unha carreira que podemos gañar.

Un planeta con persoas comprometidas non debe quedar nunha utopía. Mesmo se non vemos cambios positivos a curto prazo, deberíamos querer que os gocen as xeracións futuras.

Na Coruña, organizouse unha convocatoria para hoxe mesmo ás 8 da tarde nos Xardíns de Méndez Núñez.

Acudide! É unha boa maneira de iniciar o cambio.

Moitas grazas a todos pola vosa atención e apoio.